

# Proxeccións de fogares. 2024-2039

Resumo de resultados 05/12/2024

## Índice

Introdución.....	1
Número de fogares.....	1
Tamaño dos fogares .....	5
Composición dos fogares .....	8
Anexo.....	9

## Introdución

As proxeccións de fogares fan posible anticipar os cambios que se producirán no seu número, tamaño e composición, e repercuten nos estudos derivados que se poidan obter, por exemplo, no ámbito das políticas públicas de planeamento e toma de decisións. O IGE elabora cada dous anos a operación estatística [Proxeccións de fogares](#), que proporciona unha estimación da evolución futura dos fogares galegos, en base ás condicións demográficas observadas no momento actual.

## Número de fogares

Segundo os resultados desta operación, vinculada ao Censo de poboación y viviendas de 2021 do INE e ás Proxeccións de poboación do IGE, Galicia presentaría nos próximos anos incremento do número de fogares; así, entre 2024 e 2039 o número de fogares aumentará en 65.623 unidades, o que supón unha variación relativa do 5,9%.

Non obstante, a evolución do número de fogares por provincias non será homoxénea; así, Pontevedra será a provincia que rexistre un maior aumento desta variable, cunha taxa de variación positiva do 7,9%, pasando de ter 369.058 fogares en 2024, a contar con 398.333 en 2039; en Lugo, por outra parte, o número de fogares aumentará en 2.134 unidades, un 1,6%.



## Número de fogares. Galicia e provincias

Unidade: fogares, porcentaxe


Espazo	2024	2039	Taxa de variación
Galicia	1.103.241	1.168.864	5,9
- A Coruña	464.475	493.258	6,2
- Lugo	136.513	138.647	1,6
- Ourense	133.196	138.625	4,1
- Pontevedra	369.058	398.333	7,9

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

## Taxa de variación anual do número de fogares. Galicia e provincias

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Das 20 áreas (agrupacións de comarcas) galegas consideradas, incrementaríase o número de fogares no período 2024-2039 en 15. As que rexistrarán segundo estas proxeccións os maiores incrementos son a Área da Coruña (12,2%), a Área de Santiago (10,6%), a Área de Vigo (9,4%), e a Caldas-O Salnés (8,4%).

O maior decrecemento no número de fogares no período 2024-2039 agárdase en Área da Costa da norte e en Lugo oriental, cun descenso en ambas as dúas áreas do 3,5%, seguido de Ourense sur, cunha diminución do 2,6% en todo o período considerado.



## Número de fogares. Áreas xeográficas

Unidade: fogares, porcentaxe

Espazo	2024	2039	Taxa de variación
A Coruña suroriental	25.159	24.559	-2,4
Ferrol-Eume-Ortegal	81.589	80.500	-1,3
Área da Costa da morte	52.614	50.796	-3,5
A Barbanza-Noia	38.049	39.082	2,7
Área da Coruña	189.120	212.117	12,2
Área de Santiago	77.943	86.204	10,6
Lugo sur	20.756	20.903	0,7
Lugo oriental	14.867	14.346	-3,5
Lugo central	71.135	73.162	2,8
A Mariña	29.755	30.236	1,6
O Carballiño-O Ribeiro	18.264	18.412	0,8
Ourense central	20.011	20.939	4,6
Ourense sur	33.063	32.218	-2,6
Área de Ourense	61.857	67.057	8,4
Pontevedra nororiental	24.883	25.275	1,6
Pontevedra sur	41.807	44.619	6,7
Caldas-O Salnés	54.386	59.395	9,2
O Morrazo	31.555	33.561	6,4
Área de Pontevedra	48.511	51.731	6,6
Área de Vigo	167.916	183.751	9,4

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))


Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

## Tamaño dos fogares

En canto á evolución dos fogares segundo o seu tamaño, no período 2024-2039 proxéctase un incremento do número de fogares en todas as categorías consideradas, agás na de 4 persoas, que diminuirían nun 4,1%. Os maiores incrementos esperados produciríanse na categoría de 6 ou máis persoas, un 15%, e na de 2 persoas, un 10,8%.

### Distribución dos fogares segundo seu tamaño. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe




Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

## Distribución dos fogares segundo seu tamaño. Galicia. Ano 2039

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano



## Número de fogares segundo o seu tamaño. Galicia e provincias. Ano 2024

Unidade: fogares

Espazo	Total	1 persoa	2 persoas	3 persoas	4 persoas	5 persoas	6 ou máis persoas
Galicia	1.103.241	320.628	313.135	233.212	160.094	49.611	26.561
- A Coruña	464.475	132.604	133.539	99.283	68.386	20.271	10.391
- Lugo	136.513	44.020	38.798	28.036	17.363	5.444	2.852
- Ourense	133.196	45.602	39.811	26.141	15.204	4.325	2.113
- Pontevedra	369.058	98.403	100.987	79.752	59.141	19.570	11.205

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

## Número de fogares segundo o seu tamaño. Galicia e provincias. Ano 2039

Unidade: fogares

Espazo	Total	1 persoa	2 persoas	3 persoas	4 persoas	5 persoas	6 ou máis persoas
Galicia	1.168.864	344.765	347.097	239.455	153.524	53.481	30.542
- A Coruña	493.258	144.097	148.501	101.818	65.276	21.745	11.822
- Lugo	138.647	44.841	41.075	27.723	16.351	5.608	3.049
- Ourense	138.625	47.876	42.609	26.567	14.816	4.489	2.268
- Pontevedra	398.333	107.951	114.911	83.347	57.080	21.639	13.404

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

O tamaño medio dos fogares galegos experimentará unha redución no período 2024-2039, tanto no conxunto de Galicia como a nivel provincia: o número medio de membros pasará de 2,43 en 2024 a 2,29 persoas en 2039.



## Tamaño medio dos fogares. Galicia e provincias

Unidade: persoas

Espazo	2024	2039
Galicia	2,43	2,29
- A Coruña	2,41	2,28
- Lugo	2,36	2,26
- Ourense	2,25	2,16
- Pontevedra	2,55	2,35

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

## Composición dos fogares

Segundo a clasificación utilizada nestas proxeccións, no período 2024-2039 os fogares unipersoais aumentarían un 7,5% e os formados por unha parella sen fillos un 10,8%; as unidades monoparentais aumentarían tamén, neste caso nun 5,3%; e as parellas con fillos un 1,6%.

## Número de fogares segundo a súa estrutura. Galicia e provincias. Ano 2024

Unidade: fogares

Espazo	Total	Unipersoais	Parellas sen fillos	Parellas con fillos	Unidades monoparentais	Outros
Galicia	1.103.241	320.628	223.490	328.251	104.310	126.561
- A Coruña	464.475	132.604	96.080	139.529	43.287	52.975
- Lugo	136.513	44.020	27.162	34.795	12.163	18.373
- Ourense	133.196	45.602	29.144	33.862	11.777	12.811
- Pontevedra	369.058	98.403	71.104	120.065	37.084	42.402

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano



## Número de fogares segundo a súa estrutura. Galicia e provincias. Ano 2039

Unidade: fogares

Espazo	Total	Unipersoais	Parellas sen fillos	Parellas con fillos	Unidades monoparentais	Outros
Galicia	1.168.864	344.765	247.702	333.624	109.866	132.907
- A Coruña	493.258	144.097	106.845	141.167	45.542	55.608
- Lugo	138.647	44.841	28.756	34.171	12.335	18.544
- Ourense	138.625	47.876	31.193	34.115	12.201	13.240
- Pontevedra	398.333	107.951	80.908	124.171	39.787	45.516

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

### Anexo

Comarcas que compoñen cada área xeográfica considerada:

- **A Coruña suroriental:** comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide
- **Ferrol-Eume-Ortegal:** comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal
- **Área da Costa da morte:** comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas
- **A Barbanza-Noia:** comprende as comarcas da Barbanza e Noia
- **Área da Coruña:** comprende as comarcas da Coruña e Betanzos
- **Área de Santiago:** comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago
- **Lugo sur:** comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos
- **Lugo oriental:** comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria
- **Lugo central:** comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá
- **A Mariña:** comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental
- **Carballiño-O Ribeiro:** comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro



- **Ourense central:** comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras
- **Ourense sur:** comprende as comarcas da Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana
- **Área de Ourense:** comprende a comarca de Ourense
- **Pontevedra nororiental:** comprende as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes
- **Pontevedra sur:** comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado
- **Caldas-O Salnés:** comprende as comarcas de Caldas e O Salnés
- **Morrazo:** comprende a comarca do Morrazo
- **Área de Pontevedra:** comprende a comarca de Pontevedra
- **Área de Vigo:** comprende a comarca de Vigo

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:  
[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_prox\\_fog\\_2024\\_2039\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_prox_fog_2024_2039_gl.pdf)

---

#### **Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>